



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán

Materia	Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán			
Código	V01G230V01207			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Barsanti Vigo, Maria Jesús			
Profesorado	Barsanti Vigo, Maria Jesús Cortes Gabaudan, Helena			
Correo-e	barsanti@uvigo.es			
Web	<a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	É unha materia que se imparte no segundo cuadrimestre do primeiro curso e que completa os coñecementos adquiridos na materia Idioma Moderno II, 1 (Alemán) de face a conseguir unha visión global do alemán aos estudantes do Grao en Tradución e Interpretación. Nela ampliáanse os coñecementos básicos teóricos e prácticos da lingua e da cultura alemá.			

## Competencias

Código	
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Aprendizaxe autónoma
D23	Capacidade de traballo individual

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	C24	D15 D23
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.		D15
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	C18	D15
Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	C18 C24	D15 D23
Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.	C18 C24	D23

## Contidos

Tema	
Tema 1: Os verbos modais: morfoloxía e uso	Tempo libre. De compras
Tema 2: O caso genitivo e as súas preposicións. O pretérito	No banco. Contos e Historias.
Tema 3: Os pronomes reflexivos. O pretérito perfecto	Deportes. Hobbys
Tema 4: Os verbos seguidos de complemento preposicional e os adverbios pronominais. Os substantivos da declinación débil.	Invitacións e agasallos. De festa.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	16	40	56
Estudos/actividades previos	8	12	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	28	44
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	4	20	24
Probas de resposta curta	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades organizativas: explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento da mesma dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, libro de lectura obrigatoria e outros libros complementarios.
Sesión maxistral	Clases maxistras: exposición teórica de temas gramaticais, léxicos e culturais. Actividades complementarias: Presentación doutras ferramentas online para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Estudos/actividades previos	Orientarase, explicará e ensinará aos alumnos como usar as ferramentas fundamentais para levar a cabo actividades traductolóxicas, dentro do contexto do idioma xeral. Tamén se lle ensinan as pautas para realizar un traballo de investigación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios de repaso e de control: sesións de prácticas gramaticais e léxicas con exercicios adecuados aos temas expostos. Prácticas de tradución con axuda do dicionario, así como a súa corrección e o comentario das dificultades léxicas, traductolóxicas e gramaticais resultantes coa finalidade da aprendizaxe da lingua.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumno realizará exercicios de tipo práctico sobre cuestións gramaticais e léxicas, así como traducións de frases con axuda do dicionario para a aprendizaxe xeral da lingua.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Atenderase aos alumnos de forma personalizada no horario de tutorías publicado polo Centro.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valoración continua das prácticas gramaticais, léxicas e traductolóxicas	10	C18	D15 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Valoración global das actividades de repaso	15	C18	D15 D23
Probas de resposta curta	Exame escrito de contido léxico e gramatical	75	C18 C24	D15 D23

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar un exame escrito ó final do cuadrimestre sobre os contidos da materia e máis outro oral para superala. O primeiro cun valor do 80% e o segundo cun valor do 20% da nota.

O exame final escrito realizarase para todo o alumnado a derradeira semana de clase.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia.

O alumnado Erasmus que desexe facer esta materia deberá acreditar un nivel B1 de español; cursarala con os mesmos dereitos e obrigas que calquera outro estudante.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación. Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación única este exame ten un valor do 80% da nota; este alumnado terá que facer tamén unha proba oral polo 20% da cualificación para superar a materia. A nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

**Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán/Alemán Español.**, Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt,,

Bibliografía complementaria:

-A. Castell. *Gramática de la lengua alemana*. Múnich, Ed. Hueber, 2011.

-*Gramática Alemana*. Barcelona, ed. Larousse S. A., 2009.

- G. Helbig, J. Buscha. *Leitfaden der deutschen Grammatik*. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2005.

-*Langenscheidt Grammatiktafel Deutsch*. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2005.

-R. Hoberg, U. Hoberg. *Der Kleine Duden, Gramática del alemán*. Madrid, Ed. Dudenverlag, 2005.

-A. Hering, M. Matussek, M. Perlmann-Balme. *Eine Übungsgrammatik*. Múnich, Ed. Hueber, 2005.

-Dreyer-Schmitt. *Lehr-und Übungsbuch der deutschen Grammatik*. Múnich, Ed. Hüber, 2007.

-G.Werner. *Langenscheidts Grammtiktraining Deutsch*. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2001.

-R. Luscher. *Übungsgrammatik für Anfänger*. Múnich, Ed. Hueber, 2005.

*Langenscheidt Diccionario Básico Alemán*. Berlín y Múnich, Langenscheidt, 2001.

*Langenscheidt Taschenwörterbuch Spanisch*. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2009.

*Hueber Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache*. Múnich, Ed. Hueber, 2005

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán/V01G230V01107

---

#### **Outros comentarios**

Ao comezo do curso pódese fixar o manual que se vai a utilizar ao longo deste.

Recoméndase que os estudantes Erasmus, para poder cursar a materia, teñan suficientes coñecementos de español; sen eles resulta complicado superar a materia.

Recoméndase ter coñecementos informáticos, Internet e manexo de catálogos de bibliotecas universitarias.

---